

TRADUCCIONS E VERSIONS DO ALEMÁN Ó GALEGO: INVENTARIO DE 1896 A 1996

Miguel Anxo Seoane

“A este lugar vienen los pueblos bárbaros y los que los habitan en todos los climas del orbe, a saber: francos, normandos, escoceses, irlandeses, los galos, los teutones, los fíberos, los gascones, los bávaros /.../ y las demás gentes innumerables de todas las lenguas, tribus y naciones vienen junto a él en caravana y falanges, cumpliendo sus votos en acción de gracias para con el Señor y llevando el premio de sus alabanzas. Causa alegría y admiración contemplar los coros de peregrinos al pie del altar venerable de Santiago en perpetua vigilancia: los teutones a un lado, los francos a otro, los italianos a otro; están en grupos, tienen cirios ardiendo en sus manos; por ello toda la iglesia se ilumina como con el sol en un día claro. /.../ Allí pueden oírse diversidad de lenguas, diversas voces en idiomas bárbaros; conversaciones y cantilenas en teutón, inglés, griego, y en otros idiomas de tribus y gentes diversas de todos los climas del mundo. No existen palabras ni lenguaje en los que no resuenen sus voces”.

O texto pertence o *Liber sancti Jacobi* “*Codex Calixtinus*”¹ de c. 1160 que amais de evoca-la presenza de xentes de fóra contén referencias lingüísticas dunha idade lonxana².

Pouca información sobre Galicia podemos tirar do interesante libro de G. Hoffmeister, *España y Alemania*³ e menos da voz “Alemania” da *Gran Enciclopedia Galega*⁴. Debemos de acudir a outros documentos históricos para conseguir máis novas lingüísticas pois non tódolos peregrinos a Compostela deixaron as súas testemuñas e mes-

¹ *Liber sancti Jacobi* “*Codex Calixtinus*”, 1992, pp. 198-200. É unha reedición mellorada da tradución feita ó castelán por A. Moralejo, C. Torres e J. Feo. Do comezo do texto citado hai versións en alemán, castelán, francés e inglés nos folletos dos “Cursos Internacionais de la Universidad de Santiago de Compostela”, 1996.

² Sobre este particular ver amais J. L. Pensado, 1961, pp. 319-340.

³ Editado alemán en Berlín en 1976 a versión en castelán, de Isidro Gómez Romero, publicouse en Madrid en 1980.

⁴ Vol. 1, pp. 228-229.

mo algúns son mencionados polo lugar de procedencia sen sabérmo-los seus nomes. Segundo Klaus Herbers (1993, p. 122): “Do tempo da querela das investiduras proceden as primeiras probas de peregrinos, dos que a viaxe a Santiago de Compostela, fora, con bastante seguridade, programada e en principio realizada. En setembro do ano 1072 o arcebispo Siegfried de Maguncia púxose en camiño cara a Galicia, coa fin de rezar alí. Tal como se deduce do testemuño do historiador Lambert von Hersfeld (1025-1081/85), estaba supostamente aburrido das funcións do seu cargo. A verdade é que non conseguiu chegar a Galicia /.../ Aproximadamente pola mesma época, a condesa Richardis de Sponheim visitaba Compostela. O conde Eberhard de Nellenburg (†1078/79), coa súa dona, Ida, emprendeu tamén na década 1070 unha peregrinación ó noroeste de España. Tamén neste caso parecen combinarse os desexos de reforma e a busca da salvación persoal. Probablemente haxa que incluír tamén entre os primeiros peregrinos alemáns a un abade do mosteiro de Fulda”⁵.

Algúns destes peregrinos escribiron da peregrinaxe e o primeiro alemán en facelo é Peter Rieter en 1428, logo virán outros relatos⁶. Destaca o de Arnaldo von Harff nacido en 1471 no pobo do mesmo nome na Baixa Renania. Logo da morte do seu pai matricúlase na Facultade de Artes (Letras) da Universidade de Colonia ós doce anos. Os datos que del sabemos proceden da súa obra. Di Vicente Almazán (1988, p. 363): “Existe una cierta contradicción en la evaluación de su talento lingüístico. Por una parte demuestra una gran curiosidad e interés por la lengua de muchos de los países que visita, así como por algunos alfabetos cuando estos son diferentes del latino (griego, árabe, hebreo, etc.). Por otra parte la manera en que transcribe los nombres de lugar o las palabras extranjeras que oye, indica ser una persona de oído muy deficiente”. El escribiu o libro *La peregrinación del caballero von Harff de Colonia, a través de Italia, Siria, Egipto, Arabia, Etiopia, Nubia, Palestina Turquía, Francia y España* en dúas xeirias. Durante a viaxe anotaba os nomes, as distancias e outros apuntamentos e de volta con esas liñas tecía todo en forma de libro escrito en ripuario lingua mais afin ás falas dos Países Baixos que ó alemán e que serviría de guía a outros viaxeiros. Continúa Almazán “Como Arnaldo tenía gran interés por las lenguas y fueron muchas las que oyó por su periplo es interesante ver que a medida que recorre los numerosos países anote el alfabeto o nos dé una muestra de esa lengua, escribiendo un vocabulario de unas veinte palabras o frasecillas –el número varia– y es, por

⁵ O artigo leva ó final unha nota bibliográfica sobre o tema “Santiago e / en Alemaña”. A maior abastanza, o catálogo inclúe a máis completa bibliografía de tema xacobeo. Para este mesmo catálogo escrito en castelán os artigos escritos en alemán foron traducidos ó castelán e para o catálogo en galego, dende o castelán.

⁶ Ibidem. Cfr. o capítulo VIII do citado catálogo da exposición, “A memoria peregrina. Relatos e testemuños da peregrinación”, dedicado ós textos escritos por algúns deses viaxeiros a Compostela. Un deses relatos, o de Hermann König von Vach, foi traducido do alemán ó castelán por Antonio García Vázquez-Queipo e publicado por A. López Ferreiro, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Imp. y enc. del Seminario Conciliar Central, 1907, vol. 9, pp.178-194; hai edición facsímile feita en Santiago de Compostela por edicións Sálvora en 1983. Traducido do alemán ó galego por Xosé M. García Álvarez, está a ser revisado para ser editado polo Consello da Cultura Galega e o Consorcio da Cidade de Santiago. Vid. amais P. Caucci von Saucken, G. A. Garrido, 1994 e K. Herbers, 1999.

consiguiente, el pionero de los numerosos manuales existentes en las librerías de nuestros días de “alemán para viajeros” o de cualquier otra lengua. Arnaldo incluye en su libro vocabularios de nueve lenguas: esloveno, albanés, griego, árabe, hebreo, turco, húngaro, euskera y bretón” (p. 368). Este rico viaxeiro e curioso deixa escasos datos sobre Galicia e Santiago de Compostela, a parte menos interesante da súa viaxe despois de pasar por Euskadi onde anota: “En el País Vasco existe una lengua propia, muy difícil de escribir, de la que recuerdo algunas palabras que escribo a continuación” (p. 376). E pasa o escritor a anotar en vasco da alta Navarra as seguintes palabras: hoxe, viño, auga carne, queixo, sal, avea, palla; os números: un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove e dez, e as frases: ¿Quen vai?, ¿Canto custa?, un pousadeiro, Deus che dea bo día e Linda moza, ¿queres deitarte comigo? Palabras esenciais para se entender e facer máis pracenteira unha viaxe, pero non nos dixo cousa da lingua galega.

“En 1581, según la relación de Lassota, los extranjeros confiesan, por lo general, con un italiano que llaman *Linguarium*, por motivo de las lenguas italiana, española, francesa, alemana, latina, eribata (rutena) (*sic*) y otras que habla muy bien”⁷. Son os linguaxeiros da Catedral de Santiago de Compostela que aparecen en diferentes documentos e que testemuñan o coñecemento doutras linguas de Europa en Santiago de Compostela durante a idade moderna. Aínda hoxe se le nas cartelas dos confesionarios da basílica “Pro lingua germanica et hungarica”.

Pouco máis se pode tirar dos libros de viaxes tocante o coñecemento do alemán neses arredados tempos⁸. Será Gessner coa súa tradución de *La muerte de Abel* de 1785, segundo G. Hoffmeister (1980, pp. 140-142) o primeiro autor de fala alemana en ser traducido ó castelán a través do francés, logo virán Kotzebue, Schiller, Goethe, Heine... Este atraso débese a que: “Todavía hacia 1800, la literatura se hallaba en España sometida a la censura de la inquisición y sólo al regreso de los emigrantes –tras la muerte de Fernando VII en 1833– se puso fin al Clasicismo español” (*Ibidem*, pp. 156-157 e ss.). Mentres Fisher no *Voyage en Espagne aux années 1797 et 1798* (Pageard, 1958, p. 16) di que os instrumentos de traballo para aprende-lo alemán non faltan en Madrid, W. von Humboldt, que non estivo en Galicia, no seu diario di que a literatura alemana é totalmente ignorada en España. Na súa segunda viaxe estudiou sobre todo a lingua vasca, asentando os piares da lingüística comparada e preguntábase “¿Como debe a monarquía española tratar a nación vasca para que as súas enerxías e actividade resulten do maior proveito para España?”

Ángel González Palencia⁹ menciona un expediente relativo a *Werther* depositado entre 1802 e 1804 pero prohíbese a impresión da obra. A primeira tradución ó castelán

⁷ L. Vázquez de Parga, 1992, tomo I, p. 153.

⁸ Para unha visión xeral da tradución ó galego vid. X. González Gómez, 1990, pp. 11-16: “Apuntes para unha historia das traducións ao galego” e M^a C. Noia Campos, 1995, pp. 13-62.

⁹ R. Pageard, 1958, p. 10.

imprimirase en 1803 en París e a primeira obra de Goethe publicada en España é *Germán y Dorotea*, publicada en 1812 e reeditada en 1819; unha versión ó castelán do texto francés de Bitaubé, *Hermann et Dorothee*¹⁰, fanada e alterada. En 1819 *Las pasiones del joven Werther* aparecen simultaneamente en Barcelona e Valencia e en 1835 sae en Barcelona a súa tradución directamente ó castelán feita por José Mor de Fuentes que o corrixe e reedita en 1849. Neste ano *La Época* publica no seu folletín *La pasión del joven Werther* e cara a 1856 *Las Novedades* edita esa obra e pouco antes un *Fausto; poema dramático de Goethe precedido de la leyendas popular de Johann Fausto, uno de los inventores de la imprenta, escrita por Wielman*, tomado probablemente das *Vielliees Littéraires Illustrées* francesas. Estes folletíns reuníanse logo en volumes. Coñécese a Goethe a través das traducións francesas e en Barcelona a través das italianas. O mesmo ocorre con outros autores e así o galego Ramón de la Sagra, mercé ó seu francés, será o seu primeiro en dar a coñece-las doutrinas de Kant en España¹¹. Outro exemplo da divulgación das versións francesas ofrécenolo Rosalía de Castro na novela de mocidade, *La hija del mar*, 1859, que no comezo do capítulo XIV cita as últimas liñas de *Werther* en francés: “Des ouvriers portèrent le corps, aucun prêtre ne l’accompagna...”. Outra escritora de orixe galega, Emilia Pardo Bazán, comenta en *Revista de España*, nº 440, de xuño de 1886, “de Goethe estamos casi tan familiarizados con la primera parte de Fausto; nuestras abuelas no dejaron de leer a hurtadillas *Las pasiones del joven Werther*, sin enterarse de que el romántico novelista era un semidios y moraba en el Olimpo”¹².

En Galicia o coñecemento da lingua alemana será autodidacta e de lectura para accederen ó significado dos textos. De por parte rarea a documentación e a información e aínda está por facer unha exploración dos xornais e das revistas dende a súa aparición en 1800 deica ós nosos días¹³. Están, xa que logo, por descubrir e cartografar esas illas asolagadas para mellor coñece-lo noso arquipélago literario. Con todo, M^a Luz Figueroa Lalinde (1993, pp. 128-131) documenta a presenza alemana en Galicia e o problema suscitado entre a Xunta de Galicia e o cónsul de Alemaña na Coruña que solicita a exención do servizo das armas para os súbditos alemáns en virtude do tratado asinado entre España e Alemaña de 1725. María do Carme Fariña dános uns apuntamentos do estudio do alemán no Instituto “Arcebispo Xelmírez” en Santiago de Compostela: “En relación coa cátedra de Inglés e Alemán, esta contaba cun só catedrático na persoa do Dr. D. Antonio Vasadonna, o cal ocuparía dita cátedra desde 1847 a 1852.

¹⁰ París, Estrasburgo: Didot Le Jeune, 1800.

¹¹ E. González López, 1983, pp. 52-55.

¹² R. Pageard, 1958, p. 54. O volume inclúe ó cabo unha relación das traducións e adaptacións das obras de Goethe ó castelán e ó catalán. Para outros escritores alemáns traducidos ó catalán cfr. J. Llovet ed., 1995.

¹³ A nosa achega é unha exposición das traducións e versións ó galego impresas en libro ou que foron escenificadas en Galicia, polo tanto non inventariamos tódalas que xacen nas publicacións periódicas, aínda que de cando en vez se mencionen polo seu contexto no discurso. O relatorio de A. Puentes Chao, “Breve contribución ó catálogo da tradución ó galego durante a segunda metade do s. XIX”, é unha primeiro paso de cara a un censo das traducións ó galego na prensa, neste caso concretamente na monolingüe.

O método empregado para as cátedras de linguas vivas era o seguinte: “método Ahu” en Inglés e Alemán¹⁴. A partir de 1857-58 créanse as cátedras de lingua e literatura alemá na Universidade de Madrid e revélase o maxisterio de Julián Sanz del Río, introductor do krausismo en España¹⁵, que fala na universidade central de literatura e as linguas de orixe xermánica mentres no Ateneo de Madrid se ensina a lingua xermana.

En *O Tío Marcos da Portela* do 23 de xuño de 1889¹⁶ reproduce en galego o relato “O doutor sábeo-todo” dos irmáns Grimm e en *A Monteira* do 15 de marzo de 1890¹⁷, un poema de H. Heine en galego anosado por Amador Montenegro. Traducidos ambos dende o castelán probablemente son os primeiros autores xermanos documentados, polo de agora, vertidos ó galego, aínda que sexa indirectamente. A Fanny Garrido, Francisca González Garrido, escritora en castelán e en galego, viúva do músico Marcial del Adalid, e casada logo co científico José Rodríguez Mourelo (1857-1932) débémolle traducións do alemán ó castelán de Heine e de Goethe¹⁸.

No libro de prosa e verso, editado en 1896, de Eugenio Carré Aldao, *Brétemas*¹⁹, inclúense varias traducións; entre elas os poemas “Os tecelás de Silesia” de Heine e outro do mesmo autor sen título cun primeiro verso que di “¿Quén o reló inventou? ¿Quén atrevese?”; son de certo versións feitas a través doutra lingua, non sabemos cal, pero probablemente fose dende o castelán. No primeiro número do *Boletín de la Academia Gallega*²⁰ aparece traducido ó castelán o estudio de J. Cornu, “Neugalizische Formenlehre”.

Serán os científicos e os investigadores os que primeiro se acheguen directamente ó alemán como José Rodríguez González (1770-1824), Ramón Varela de la Iglesia (1845-1922), Cándido Ríos Rial (1845-?), Ángel Baltar Cortés (1868-1934), Miguel Gil Casares (1871-1931), M. Varela Radío 1873-1962), Ángel Varela Santos (1877-1944),

¹⁴ M^a C. Fariña Casaldarnos, 1996, pp. 122.

¹⁵ Cfr. X. L. Barreiro Barreiro, 1991; P. Mayobre, 1994 e R. López Vázquez, 1994.

¹⁶ Ourense, n^o 281, pp. 1-2. Aparece escrito “irmáns Grin” (sic) e non consta o nome do traductor. Esta descuberta e a da nota seguinte foinos dada por Antonio Puentes Chao. Hai edición facsímile, moi mal reproducida, de *O Tío Marcos da Portela*, A Coruña: Edman, 1989.

¹⁷ Lugo, n^o 24, p. 190. Hai edición facsímile do semanario *A Monteira*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989.

¹⁸ “Garrido, Fanny” en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 15, p. 215 e A. Marco, 1993, pp. 41-44.

¹⁹ A Cruña, 1896, pp. 13-14 e 31. A fonte procede da voz “Alemania” da *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 1, sen asinar, pero redactada por Xesús Alonso Montero. Anteriormente, o 21 de setembro de 1959, X. Alonso Montero na conferencia “Consideraciones sobre la literatura gallega moderna” dictada no Club de Amigos de Alemania de Palencia fíxose eco destas e doutras versións do alemán ó galego; vid. *Diario Palentino*, 22 de setembro de 1959.

²⁰ Aparece no apéndice á “Grammatik der portugiesischen Sprache”, in G. Gröber (ed.): *Grundriss der romanischen Philologie*, vol. 1. Strassburg: Karl J. Trübner, 1906, pp. 1031-1034. A tradución ó castelán é de F. Martínez Morás: “Morfología del gallego moderno”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 1 (1906-1907), pp. 7-9, 28-30, 52-54, 75-77, 99-101. Cfr. X. L. Regueira Fernández, 1991, vol. 2, pp. 170-171. Está escrito *Neugalizische*, non *Neugalicische*.

Roberto Novoa Santos (1885-1933), Juan Rodríguez Sardiña (1894-1978), Juan Varela Gil (1897-1969), Isidro Parga Pondal (1900-1986), José Pérez López-Villamil (1904)²¹ e outros.

Estes homes de ciencia acudirán a Alemaña en busca do coñecemento e aprenderán a lingua, con bolsa e sen bolsa de estudos, e tentarán que os seus discípulos aprendan ese idioma dos descubrimentos científicos pero tamén da filosofía e do saber á que se achegou o sabio Ángel María José Amor Ruibal a grande esperanza para a filosofía e para a filoloxía, o esquecido pensador e traductor Eloy Luís André²² ou o lingüista José Canedo. O falso músico e traductor Francisco Ferreirós Ponte, coñecido co pseudónimo de Franz Einsenschmied, nunca existiu²³. Xohán Vicente Viqueira ten dous poemas²⁴, un sen titular e “Filine”, vertidos dende o alemán ó galego, do “Wilhelm Meister” de Goethe así como “Segredo” do “Divan”. De Federico Hebbel traduce “Cantiga do vran” que data en novembro de 1919. El desde 1898 viviu en Madrid e fora alumno da “Institución Libre de Enseñanza” e a influencia de Francisco Giner, co que viviu en Galicia longas tempadas dende neno, foi capital na súa vida. Tras licenciarse en filosofía na universidade de Madrid en 1911 vai a Alemaña deica 1914 pensionado pola “Junta para ampliación de estudos e investigaciónes científicas”²⁵. Morre en 1924 cando se funda o Instituto de Idiomas (alemán, francés, inglés, latín e grego) na Universidade de Santiago de Compostela. Anos despois, a partir de 1926, o profesor de filoloxía Abelardo Moralejo Lasso incorpórase á Facultade de Filosofía e Letras compostelá. Neste mesmo ano comezábase a ensina-lo bacharelato alemán e español no Colexio Alemán de Vigo²⁶, onde reside o Cónsul Honorario da Unión da Alemaña do Norte dende 1868 e logo de Alemaña²⁷.

²¹ *Diccionario histórico das ciencias e das técnicas de Galicia. Autores 1868-1936.*

²² Cfr. “Luis André, Eloy Anselmo”, en G. Díaz Díaz, 1991, pp. 850-852 e R. López Vázquez, 1996.

²³ O artigo de Xoán M. Carreira, “Lembranza do compositor e filósofo Francisco Ferreirós Ponte (1884-1942)”, en *Escrita* 3, 1984, p. 6, é unha aduanada argallada polo propio autor e todo o que se di nel é inventado.

²⁴ *Ensaio e poesías*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 237-241.

²⁵ Para comprendérmo-las iniciativas e innovacións que supuxo en Galicia a formación destes e doutros profesores e inspectores vid. A. Costa Rico, 1996.

²⁶ Posuía un edificio de seu propiedade do estado alemán. Os sete profesores e os libros viñan de Alemaña. O local foi requisado polos aliados en 1945 e cerrado deica 1951 ano en que volve a impartir clases noutros lugares deica 1976; ano en que ante a escasa porcentaxe de alumnos e de alumnas de orixe alemana o goberno xermano deixa de o subvencionar e péchase. Cfr. M. de la Fuente, 1991, p. 4.

²⁷ As cidades que a compoñían a unión da liga nórdica eran Oldenburg, Hamburgo, Bremen e Lübeck. En 1867 acordan o nomeamento e designan a Manuel Bárcena y Franco que acepta o 14 de outubro de 1868 e é nomeado o 18 de novembro 1868. O 7 de xaneiro de 1869 confirmase oficialmente o seu nomeamento e o 25 de xuño 1871, Manuel Bárcena, acepta xa como cónsul do Imperio Alemán cun delegado en Marín e Carril. Trala enfermidade do seu pai o seu fillo vinculeiro, Fernando Bárcena y de Andrés, desempeñará o cargo dende 1909 deica 1923-1924. Dende esa data deica 1945 o cónsul honorario de Alemaña en Vigo foi Richard Kindling.

Unha parte considerable da literatura galega divulgouse principalmente a través das publicacións periódicas que tiñan unha maior tiraxe e ás que podían acceder un maior número de lectores. De José Iglesias Roura, morto en Mera en 1930, escribiu Eladio Rodríguez: “Poeta de corazón y fibra, y gran conocedor de nuestro idioma, que para él no tenía secretos ni ofrecía dificultades, comenzó por traducir al gallego los más famosos poemas de los principales autores alemanes, italianos, franceses y catalanes; y estas traducciones, gustadas solamente por un reducidísimo círculo de amigos a quienes tímidamente las leía, fueron publicadas contra su voluntad en algunas revistas, merced a lo cual pudieron ser admiradas y elogiadas de todos, ya que ninguna desmerecía del original y aun a veces lo superaban, al ser vertidas al gallego con una pureza de dicción y un dominio de nuestro léxico, que no suelen poseer todos los que escriben en la lengua nativa”²⁸. Non todos estaban identificados coa lingua natural de Galicia e a pesar de coñece-lo alemán non podían verter esas obras a unha lingua cativa e con escasos lectores e moitos que teñen aquí as súas raíces crecerán en busca da luz e deixarán os seus froitos en terra allea como Antonio Garrido Villazán, Ramón Salgado Toimil, María Vinyals y Ferrés, Emilio Fernández Vaamonde, Manuel Souto Vilas, Ramón Iglesia Parga e tantos outros. Ramón María Tenreiro Rodríguez é un deles, nacido na Coruña en 1879 e residente en Madrid dende 1908 onde estivo encargado da sección crítica de libros de *La Lectura*, será escritor e traductor de obras do alemán ó castelán²⁹. O mesmo acontece con María Mercedes Vázquez, irmá do poeta Luís Vázquez Fernández Pimentel, que nas revista luguesas *Ronsel* e *Yunque* traduce directamente ó castelán³⁰, ou con Antonio García Vázquez Queipo ou con Carmen Rodríguez Carballeira³¹, coñecida por Hildegart (1914-1933) residente en Madrid, que se desvincula da lingua de Galicia nos seus escritos e nas súas traducións.

A galeguización a partir da creación das Irmandades da Fala en 1916 fai que o galego pouco a pouco se vaia manifestando e creando as súas propias publicacións. A primeira en aparecer é o xornal *A Nosa Terra* e máis tarde a revista *Nós*. No número 109 de *A Nosa Terra*, do 1 de xaneiro de 1920, publicáronse dous poemas de Detlev von Liliencron, “Duas millas ô trote” e “Morto no trugal” feitas por Roberto Blanco Torres; posteriormente, no número 111, do 25 de xaneiro de 1920, volverá aparecer a tradución do poema “O neno” de Hebbel feita indirectamente ó galego por R. Blanco To-

²⁸ A Coruña, *Boletín de la Real Academia Gallega* 228, 1 de novembro de 1930, pp. 273-274.

²⁹ Traduce ó castelán: *El túnel* de Kellermann; *Judith*, *Herodes*, *Marienne* e *Los Nibelungos* de Hebbel; *San Francisco de Asís* de Joergensen, *Clavijo* e *Afinidades electivas* de Goethe, *Triunfo y tragedia de Erasmo de Rotterdam*, *María Antonieta* e *María Estuardo* de Zweig e adapta *El califa Cigüñea* y otros cuentos de Hauff.

³⁰ “Poemas de Albert Sergel” *Ronsel* 1, maio de 1924, p. 8, “Poetas de Alemania” *Ronsel* 2, xuño de 1924, p. 14 e “Del libro “Das Schwalbenbuch” de Ernst Toller”, *Yunque*, 6, decembro de 1932. Hai edición facsímile de *Ronsel*, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1982. Tamén o hai do número 6 de *Yunque* editada co libro *Día das Letras Galegas 1997. Anxel Fole*, edición ó coidado de Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1997.

³¹ E. Hackl, 1987, e R. Cal, 1991.

res³². No número 38 da revista *Nós*, do 15 de febreiro de 1927, aparece un artigo, “Letras d’afora. Rainer María Rilke”, asinado por R. O., iniciais de Ramón Otero Pedrayo³³, que traduce a partir da lingua orixinal uns anacos de prosa e dous poemiñas de *Vergers* e *Les Quatrains Valaisans*, escritos en francés polo propio Rilke³⁴. Ó mesmo ocorre con outro poema escrito tamén orixinalmente en francés, “Qui nous dit que tout disparaisse?”, deste mesmo autor, “A unha amiga”, versión de Amado Carballo reproducése en *A Nosa Terra* o 1 de outubro de 1927³⁵. Estes poemas que aquí se citan testemuñan a recepción de Rilke en Galicia, pero ó estaren escritos en francés por un escritor alemán quedan excluídos do noso inventario.

A editorial *Nós* publica a disertación de R. Otero Pedrayo *Lembranza de Goethe. Conferenza dita o 6 de Marzal do 1932 pra celebrare o centenario de Goethe, na Asociación de Alumnos do Instituto de Ourense seguida da traducción d’unha parte do segundo Fausto*³⁶. Segundo C. Buján (1991, pp. 43-44) “Esta traducción, non sempre ben axeitada ó orixinal alemán, con adaptacións métricas por veces non moi logradas, presenta amais diso dous problemas: o primeiro sería o de saber se está feita verdadeiramente sobre do orixinal, e non a través doutra lingua, como eu supoño pola traducción mesma, anque non teña probas absolutas diso; o segundo problema, mais curioso aínda, é a razón da escolla deses versos precisamente”. No número de nadal de 1932 da revista pontevedresa *Logos* aparece a traducción “Agostiño inmorredoiro” de Erich Przywara, sen asinar, dende o alemán³⁷. Na revista *Nós*, dous anos máis tarde encontramos de Hölderlin: “Adeus”, “Idades da vida” e “Primavera”³⁸ por Álvaro Cunqueiro. Nestes anos a Universidade de Santiago de Compostela, que se ía concienciando do ser de Galicia, xa

³² No periódico *El Compostelano* do 13 de novembro de 1926 aparecerá a traducción doutro poema de Hebbel titulada “O neno do pozo”. “Morto no tragal” será publicado de novo en *El Compostelano* do 13 de setembro de 1928 e “Duas millas ô trote”, no do 10 de xuño de 1929.

³³ Ourense, pp. 17-18. Hai edición facsimile da revista *Nós*, Oleiros: Ediciones Edivar, 1988 e recóllese tamén en *Otero Pedrayo na Revista Nós 1920-1936 (Escolma)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1988, pp. 159-160.

³⁴ Para a recepción de R. M. Rilke en Galicia ve-lo estudio de Jaime Santoro de Membiela (1998).

³⁵ A Coruña, *A Nosa Terra (Idearium das Irmandades da Fala)* 241, p. 4, baixo o epígrafe “Líricos da Alemaña”. Hai edición facsimile de *A Nosa Terra*, A Coruña: Ediciones Edivar (para Nova Galicia edicións) 1989. Vid. Luís Amado Carballo, *Poesía Galega Completa*. Ed. de Luis Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 1994, p. 166.

³⁶ Santiago de Compostela: *Nós*, 1932. Aparece no suplemento da edición facsimile da revista *Nós*, Oleiros: Ediciones Edivar, 1988, vol. II.

³⁷ *Logos. Revista de Cultura Religiosa* 24, nadal do 1932, pp. 184-187. Nos seus números esta revista inclúe citas en alemán de V. A. ou de Paulino Pedret Casado. Os sacerdotes que estudiaban no Colexio Español de Roma podían aprender alemán e practicalo no verán en Alemaña no canto de voltar a Galicia. Hai edición facsimile de *Logos*, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1983.

³⁸ Ourense, *Nós* 130, outubro de 1934, pp. 151-152. Sobre a presenza de Hölderlin noutras linguas ver A. Ferrer, pp. 103-111 e concretamente na galega ver J. Kabatek, 1999, pp. 1147-1165.

contaba cunha colaboradora de alemán Otilie Ulbrich. Antón Capelán (1996, p. 63)³⁹ fornéceno-lo dato dun compañeiro dela tamén alemán, Guillermo Adolfo Bauman (sic), dedicado ó ensino do seu idioma en Compostela. El foi arrestado e deportado o 11 de abril de 1933; ela permaneceu aquí e fixo mal.

Tralo levantamento do exército contra a República o 18 de xullo de 1936 todo este agromar da lingua e da cultura de Galicia foi cencenado. A recuperación da memoria de Galicia, do seu ser e do seu ter, comeza en 1950 coa creación da editorial Galaxia e da súa revista *Grial*.

Pola súa conta A. Cunqueiro, en Mondoñedo, editaba un folletíño *Hölderlin. Poesía*⁴⁰ valéndose dunha traducción ó francés dos poemas alemáns. En Pontevedra sae contra 1951 o volume de Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro, *Musa alemá* (versión de 6 poetas)⁴¹. Trátase da conxugación entre un historiador da arte que coñece o alemán e un poeta galego. No limiar de Aquilino Iglesia Alvariño di: “Unha traducción poética sálvase pol-o que ten de revelación máxica, esto é, polo que de poetas teñan os tradutores, que por ningunha outra cousa, e neste punto as de Ferreiro e Freixeiro cumpren esa condición de maneira acabada” Os poetas escolmados son de Friedrich Holderlin: “As Parcas” e “Canzon do destiño”; de Heinrich Heine: “Eramos nenos”, “O piñeiro” e “Lorelei”; de R. Dehmel: “Anno Domini 1812”, “Apos de un choivasco” e “O xilgaro”; de Rainer Maria Rilke: “Cabaleiro”, “Outono”, e “Vixilia”; de Agnes Miegel: “Os Nibelungos” e de Franz Werfel: “O lobican”, “Canzon dos mortos” e “Os apaixonados”.

No número 7 da revista *Alba*, en 1951, sae unha selección e versión en verso feita por Celso Emilio Ferreiro de tres páxinas⁴² de *Die Weise von Liebe und Tod des Cornets Christoph Rilke* co título de “O canto do namoro e da morte do corneta Cristobal Rilke”.

A Editorial de los Bibliófilos Gallegos, fundada en 1949, que convocou un concurso de traducción ó galego de calquera obra da literatura universal en 1951, concédelle o premio a obra *Cancioneiro da poesía céltica*⁴³, de Julius Pokorny, algunhas destas ver-

³⁹ Nos institutos de bacharelato a partir de 1939 había que escoller dous idiomas; un xermánico, alemán ou inglés e outro románico, italiano ou francés. A. Capelán, 1996, pp. 124-131, documenta o desleixo da Universidade de Santiago de Compostela na posguerra cara ó galego e a benquerencia de certos profesores cara ó imperialismo xermano.

⁴⁰ É unha edición de autor baixo o selo de Edizós do Pescador de Cana, 1950. Segundo X. González Gómez, 1991, p. 8: “contén varios poemas do alemán traducidos e publicados en Mondoñedo onde avisa que se baseou nas versións de Jouve-Klossowski”.

⁴¹ Editouno Sabino Torres na colección Benito Soto, vol. extraordinario I. Non foi incluído na reedición facsímile da colección Benito Soto, Pontevedra: Deputación Provincial, 1990.

⁴² Vigo, sen paxinar. Hai edición facsímile de *Alba*. Hojas de Poesía-Follas de poesía (A Coruña, 1948-Vigo, 1956) Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-C. I. L. L. “Ramón Piñeiro”, 1995. Nese mesmo número 7 de *Alba* na sección “Crítica de libros” por Vérulo Marqués (pseudónimo de Ramón González Alegre) hai unha recensión de *Musa alemá*.

⁴³ Publicouno a Editorial de los Bibliófilos Gallegos dentro da colección “Biblioteca de Galicia”, Santiago de Compostela, 1952. Hai edición facsímile, non venal e numerada, feita polo Consello da Cultura Galega en 1991. Co título de *Cancioneiro da poesía céltica* sae en Vigo: Galaxia, 1991. “Dombate Poesía”, 15.

sións xa saíran no suplemento do Sábado do xornal santiagués *La Noche*. A tradución do *Alkeltische Dictungen* fixérona man a man Celestino Fernández de la Vega, coñecedor autodidacta do alemán e Ramón Piñeiro López. Dentro desa mesma editorial saíran os *Versos de alleas terras e de tempos idos. Paráfrasis galegas*⁴⁴, con poemas de Goethe, “O rei das Elfes”; de Schiller, “O reparto do mundo” e “Os Cruzados”; de Heine, “O Eco”, “A encomenda do cabaleiro”, “O Cabaleiro”; de Niembsch, “Canción”; e de Franz Werfel, “O can de lobo” e “O laio dos mortos”; traducións todas traídas da man de Ramón Cabanillas a través do francés e do castelán.

A pesar do seu coñecemento do alemán o lugués Manuel García Blanco, autor en 1912 de *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega*, non nos doou ningunha versión. Unha mostra da realidade galega aqueloutrada e cunha lingua imposta e ponte obrigada para acceder á cultura de fóra aparece en *Terra brava. Contos da solaina*⁴⁵ onde un protagonista galegofalante que entende o alemán cando o traduce faino (in)conscientemente en castelán. No número 15 da revista *Alba* dáseno-la “Versión gallega del “Requiem für einen Knaben” (requiem pra un neno) de Reiner M^a. Rilke” por Ramón González Alegre⁴⁶.

“O cultivo da lingua galega como instrumento de cultura, decote incrementado con novos vieiros, conta con unha brillante tradición no campo da espresión poética e comeza tamén a tela no da prosa literaria. Pola contra, como instrumento espresivo do pensamento filosófico culto carece aínda de tradición.

Ó traduciremos “Vom Wesen der Wahrheit”, de Martín Heidegger, quixemos contribuir á aitual iniciación do noso idioma neste campo fundamental da espresión cultural. Coi-damos que o ter acreditado eficaz aptitude espresiva diante de un pensamento tan sutil e riguroso como o de Heidegger, garantízalle amplamente á lingua galega a posesión de máisimas posibilidades pra a manifestación de un vigoroso e rico pensamento orixinal.

Que ista tradución veña a arrequecer tales posibilidades é a única cobiza que nos moveu a facela”.

Este é o prólogo da conferencia de Martín Heidegger, *Da esencia da verdade*⁴⁷ que conta “con unha carta-prólogo especial para ista edición”. A tradución, introducción e notas son de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro. O contacto co filósofo alemán débese a un militar franquista de carabineiros, o lugués Domingo Carvalho, que despois da guerra civil fora lector de español en Friburgo⁴⁸. Coñecedor do alemán era

⁴⁴ Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1955. Biblioteca de Galicia IX.

⁴⁵ A primeira edición é de 1955, nós citamos pola 2ª ed., Vigo: Galaxia, 1976, pp. 333-334. Cfr. R. Carballo Calero, 1982, pp. 239-242.

⁴⁶ Vigo, febreiro de 1956, sen paxinar. Aparece escrito Reiner no canto de Rainer e “Requiem für einen Knaben” en vez de “Requiem auf den Tod eines Knaben”.

⁴⁷ Vigo: Galaxia, 1956.

⁴⁸ C. Fernández de la Vega, 1975, p. 42: “Domingo Carvalho, casi desconocido entre nosotros porque su única obra *Die ontische Struktur* fue publicada en Alemania, en 1961, con un “Begleitwort” del premio Nóbel Heisenberg, y acaba de editarse al castellano”. Hai edición facsimile da revista *Ronsel*, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1982.

Vicente Martínez Risco y Agüero que estivo en Alemaña e cita textos e libros en alemán nos seus escritos⁴⁹, pero que non traduciu nada ó galego que se saiba⁵⁰.

Antón Capelán (1996, p. 140) dános información sobre a desgaleguización da Universidade de Santiago de Compostela neses anos. A finais de 1962 créase a sección de filoloxía románica da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela o cal supoñía unha oportunidade para rescatar á abandonada lingua galega. O lector de alemán daquela era o xornalista Walter Haubrich.

Na revista *Grial* aparecían de cando en vez textos de fóra traducidos ó galego por diferentes autores⁵¹. Un deses tradutores é Álvaro Cunqueiro que amais anosa letras alleas no suplemento literario de *Faro de Vigo*. Unha breve escolla desas versións, feita por X. González Gómez, están recompiladas en *Flor de diversos. Escolma de poetas traducidos*⁵².

Así e todo, a literatura alemana non se asoma só na poesía e na prosa senón que tamén subiu ós escenarios. Bertolt Brecht será o principal protagonista nos teatros galegos dende 1966. *Terror e miseria do Terceiro Reich*, composto por catro textos, “Zapatos negros”, “Axuda de inverno”, “A delación” e outro máis⁵³, é unha tradución directa dende o alemán ó galego por Manuel Lourenzo aínda inédita o non cursa-lo delegado provincial do Ministerio de Información e Turismo da Coruña, Francisco Serrano Castilla, a autorización a Madrid para poder ser escenificada en 1966. É a primeira tradución directa de M. Lourenzo⁵⁴. Ante esa prohibición volve sobre outra obra de Bertolt Brecht, *A feira dos criados*, 1966, un anaco de *O señor Puntilla e o seu criado Matti*, versión galega dende o castelán de Manuel Lourenzo e levada á escena polo Facho da Coruña en 1966. Dese mesmo ano é a peza de M. Frisch, *O señor bonhome e os incendiarios*, versión galega dende o castelán de M. Lourenzo e de H. Harguindey e re-

⁴⁹ Para as relacións de Risco con Alemaña véxase J. L. Varela, 1995, pp. 255-268; M^a X. Lama, 1995, pp. 269-282 e F. Meyer, 1995, pp. 283-300; 1996, pp. 331-350.

⁵⁰ Risco contesta a unha pregunta de C. Polo, 1971, p. 185: “Hoy nada me anda en la cabeza. Únicamente una traducción del alemán: “Die Verratane Arme”, de Heinrich Gerlach, un reportaje-novela sobre el desastre de Stalingrado, que tuvo una gran difusión y una gran resonancia en Alemania. Estoy terminándola”. Supoñemos que de a ler e que tiña intención de a traducir ó castelán entón.

⁵¹ Cfr. Índices elaborados por Manuel González González e María Carmen Prieto Guibelalde dos cen primeiros números. A primeira versión rexistrada do alemán é de Álvaro Labrada (Álvaro Cunqueiro), “Final do Castelo” de Kafka, *Grial* 3, 1964, pp. 100-102.

⁵² Vigo: Galaxia, 1991, pp. 17-27. No suplemento de *Faro de Vigo*, entre outros, publicou o 9 de marzo de 1969, “Un Deus ben pode” e o 21 de decembro de 1969, “Día de outono”, ambas de Rilke e valéndose da versión ó castelán do historiador e traductor bergantiñán Jaime Ferreiro Alemparte; o 1 de marzo de 1970, “O triste” de H. Heine; o 24 de xaneiro de 1971, “Canción dos catro puntos cardinais” de F. Durrenmatt; o 16 de xaneiro de 1977, “A primavera volveu” de Rilke; o 27 de novembro de 1977, “O intre da disculpa” de Karl Krolow. A información é de Xesús González Gómez, quen, por certo, traduciu dende o francés un poema ó galego de Hans Magnus Ezensbertger que publicou en *El Progreso*, Lugo, o 14 de febreiro de 1971.

⁵³ Estes datos son verbais e os outros proceden de Manuel Lorenzo e Francisco Pillado, 1987.

⁵⁴ M. Lourenzo estivera dous anos, 1962 e 1963, en Colonia e Düsseldorf, aprendendo a lingua alemana.

presentada tamén polo Facho. O doutor e escritor Domingo García-Sabell, que estivera en Alemaña, traduce *Problemas humanos*⁵⁵ de Eduard Spranger que prologa e anota. En 1968 editorial Galaxia non publica o *Diario irlandés* de H. Böll, traducción, inédita aínda, feita directamente dende o alemán por Pedro Varela Gesto⁵⁶. Aínda que non todos dominan a lingua xermana non renuncian a presentarnos e representarnos aquí as súas ideas con outras palabras. *O que dixó si, o que dixó non*, de B. Brecht escenificado pola Aula de Teatro do Liceo de Betanzos en 1968 é unha versión galega dende o castelán de Xesús Alonso Montero.

Dende 1968 a facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela conta co primeiro profesor numerario de lingüística e literatura galegas, en 1970 créase o Instituto da Lingua Galega⁵⁷ e en 1972, Ricardo Carballo Calero, gaña a Cátedra de Lingüística e Literatura Galegas. Nestes anos de investigación e documentación para descubri-lo galego falado e escrito continúan as escenificacións por Galicia de B. Brecht con *O mendiño e o can morto*, no 1974, co grupo de teatro O Facho, versión galega dende o castelán de Xosé Luís Rodríguez Pardo. Nese ano Ediciones Júcar concibe o proxecto de publicar “A nosa biblioteca universal” dirixida por Xesús Alonso Montero. Para esa colección Joám Trillo traduce da lingua orixinal á galega o libro *Contemplación*, o conto *A sentenza* e *A metamorfosis* de Kafka que nunca se chegaron a imprimir; o mesmo aconteceu con *Medo e miseria do III Reich* de Bertolt Brecht do que é tradutor Basilio Losada⁵⁸. Chegar, chegouse a publicar polo Partido Comunista de Galicia, pero non a distribuír, *O manifesto do Partido Comunista*⁵⁹ traducido por Xoan Andeiro, pseudónimo de Joám Trillo, entre outubro de 1974 e xaneiro de 1975.

Despois da morte do xeneral Francisco Franco comeza a Reforma Política e a Transición e séguese a representar a B. Brecht, *O circo de tiza caucasián*, 1976, grupo de Teatro Círculo de Perlío, versión galega dende o castelán de Celestino Ledo e no mesmo ano e do mesmo autor veremos unha adaptación da súa *Antígona*, mesturada con textos doutras “Antígonas” montada polo G. T. Histrión 70, en versión galega dende o castelán ou o francés de Xosé López Cid. Akal editor saca en 1976 o *Manifesto do Partido Comunista*⁶⁰ de K. Marx - F. Engels, traducido do alemán por Isaac Alonso Estravís. A Escola Oficial de Idiomas de A Coruña, creada en 1974, ensina dende outubro de 1977 a lingua alemana. Un clásico da literatura para nenos tamén se manifesta no mundo do teatro, os irmáns Grimm. *O flautista de Hamelin*, 1978, trasladado dende o

⁵⁵ Vigo: Galaxia, 1966.

⁵⁶ Segundo información verbal de Xesús Ferro Ruibal confirmada polo propio autor.

⁵⁷ “Momentos de la Universidad”, en *La Universidad de Santiago*, 1980, p. 98-99.

⁵⁸ “Alemania”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 1, pp. 228-229.

⁵⁹ S. I.: Nova Galicia, 1976.

⁶⁰ Madrid, colección Arealonguiña, 20.

castelán de Anxos Cuña Bóveda, é presentado polo Grupo de Teatro do Centro Social Mariñamansa de Ourense. O ano seguinte volve outra obra de B. Brecht, *O demo no tellado* da Escola Municipal de Teatro de Narón; unha adaptación de Manuel Lourenzo dende o alemán de *Lux in tenebris* ó galego. En 1980 a Compañía Luís Seoane dános *Dansen*⁶¹ de B. Brecht, versión dende o castelán ó galego do actor Miguel Pernas. Deste mesmo ano, 1980, é a edición xustaposta dos poemas alemáns e a súa tradución ó galego de *Os sonetos a Orfeu*⁶² de Rainer Maria Rilke por Lois Tobío, membro do Seminario de Estudos Galegos. Dous anos máis tarde reaparece B. Brecht con *A cruzada dos nenos*, 1982, adaptación dun poema dende o castelán de Anxos Cuña Bóveda para o Grupo de Teatro Carmelitas de Ourense. A revista *Dorna. Expresión poética galega*, reaparecida este ano, incorpora ó longo dos seus números traducións⁶³. A publicación de *Os contos de Grimm. Escolma*⁶⁴ feita dende o castelán por Eubensei en 1983 será reeditada en 1986. *A serpe branca*⁶⁵ de J. e W. Grimm tamén é unha tradución indirecta.

En 1983 créase a Asociación Galega de Tradutores, constituída por unha ducia deles, que elaborou unha lista de 40 títulos para seren traducidos dende as linguas orixinais ó galego. As traducións pagadas pola Xunta de Galicia entregáronselle ás diferentes editoriais que publicaban en galego. Ó final foron o 44, é dicir, catro de conroga, por seren algúns títulos de poucas páxinas e ó longo do tempo fôronse ofrecendo nos escaparates das librerías galegas, mais non incluíron finalmente ningún título da literatura alemana.

A cultura xermana segue a falar no teatro onde fai a súa aparición Kafka e de Le Fel, *Informe do día despois*, 1984, do Teatro Troula coproducido polo Centro Dramático Galego e dirixido por Xesús Medal, anosado probablemente dende o castelán e Karl Valentin, *Isto non é serio señores*, tradución de textos breves dende o francés, *Cabaret Satirique*, ó galego de Manuel Guede Oliva para a Cooperativa de Teatro Caritel de Ourense. Tradución directa do alemán de Manuel Lourenzo é o *Woyzeck* de G. Büchner posto en escena en 1984 polo Centro Dramático Galego da Xunta de Galicia. Pola súa conta a Compañía Luís Seoane ofrece ese ano *Fausto, lenda áurea dos santos da montaña*: traducións de textos do inglés, Marlow, do alemán, Goethe, e propios, sen mesturar, nunha versión moi libre de Manuel Lourenzo. No libro de J. R. Vidal Romani,

⁶¹ *Cadernos da Escola Dramática Galega* 24, 1981.

⁶² Sada: Edicións do Castro, 1980.

⁶³ No nº 7, 1982, pp. 14-15, Xosé M^a Díaz Castro traduce o poema “María, ben sei...” de R. M. Rilke; no 9, 1985, pp. 208-209, Henrique Monteagudo versiona o texto “Infelicidade sen arelas” de Peter Handke; no 17, xaneiro de 1991, p. 14, Xosé M^a Díaz Castro anosa un poema seu escrito en alemán; nº 21, 1995, pp. 111-122, Ursula Heinze dános unha introducción, selección e tradución de textos de Christian Saalberg.

⁶⁴ Sada: Edicións do Castro, 1983. En 1991 publicouse una escolma deles no volume nº 20 da “Biblioteca 114” de *El Correo Gallego* de Santiago de Compostela.

⁶⁵ Vigo: Galaxia, 1983. A Chalupa 8. Tradución dende o castelán de Xabier Senín Fernández.

*Isidro Parga Pondal. Vida e obra*⁶⁶, o autor do mesmo traduce ó galego un poema composto e escrito en alemán por Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco nunha excursión o monte Pindo en 1936.

A incorporación da lingua e da literatura galega ás escolas e ós institutos de Galicia e a necesidade de educar os fillos e as fillas na lingua galega, así como as ordes de convocatoria de axudas á tradución de obras o galego da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia dende 1985, fai que se estimulen as traducións⁶⁷. Valentín Arias López traduciu dende o castelán ó galego toda “Colección rato Pérez”⁶⁸ que incluía relatos para nenos da literatura universal, entre eles están varios contos de Jakob & Wilhelm Grimm, *Hänsel e Gretel*; *O paxaro do engano*, *O pescador e a súa muller*, editadas en 1984; *A pastora dos gansos*, *As tres linguaxes*, *A raíña das abellas*, en 1985, *Raponcia*; *As tres plumas* e *Nevebranca e Rosavermella*, en 1986. Ramón Lorenzo e Ursula Heinze traducen do alemán de Mira Lobe, *Ingo e Drago*⁶⁹ e *A pantasma do castelo*, e, de Elisabeth Heck, *O dragón novo*⁷⁰.

En abril 1986 cúbrese a cátedra de lingua e literatura xermánicas da Universidade de Santiago de Compostela, creada no 1985 e en xuño de 1986 sae a revista *Ólisbos*⁷¹. Rosa María López Gato traduce *Cando Tina berra* de Tilman Röhrig e con Xosé Luís Regueira *O rei Túnix* de Mira Lobe⁷² e Xosé Reimúndez *As aventuras do varudo Va-*

⁶⁶ Trasalba: Fundación Ramón Otero Pedrayo, 1984, pp. 30-32.

⁶⁷ O recoñecemento de Galicia como Nacionalidade Histórica co seu *Estatuto de Autonomía* de 1981 outórgalle competencias lingüísticas ó goberno autónomo. O Real Decreto 1981/ 79 do 20 de xullo de 1979 regula durante a etapa preautonómica a incorporación da lingua galega ó ensino en Galicia, xunto coa orde ministerial que a desenvolve o 1 de agosto de 1979. Nestes textos contéplase o ensino da lingua galega como materia de carácter obrigatorio na educación preescolar, no ensino xeral básico, formación profesional e no bacharelato. O Decreto 81/ 1982 do 29 de abril, que substitúe ó anterior, e no 101/ 1982 que establece e regula o ensino da lingua e literatura galegas no curso de orientación universitaria establecen os dereitos lingüísticos dos escolares e estudantes de Galicia. A Lei de Normalización Lingüística 3/ 1983 do 15 de xuño amplía os dereitos lingüísticos de tódolos galegos e galegas. Tocante á lei vid. P. García Negro, 1991 e *Compendio de Lexislación sobre a Lingua Galega nas Administracións Local e de Xustiza*, 1993.

⁶⁸ Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

⁶⁹ Madrid: Ediciones SM, 1985. Serie azul de O barco de vapor, 2.

⁷⁰ Ambas editadas en Madrid: Ediciones SM, 1986. Serie branca de O barco de vapor 1 e 2, respectivamente.

⁷¹ No nº 1, p. 35, Robert Kluge traduce o “Lyriches intermezzo” de H. Heine; no nº 3, maio de 1987, p. 11, Gabriela Jaskulla e Xoán L. Blanco, “Unha vida seria” de Ulla Hahn e “Consello” de Thomas Brasch; no nº 4, febreiro de 1988, pp. 14-23, Laureano Araujo Cardalda, “Saúdos de Iódok” do libro *Historias de nenos* de Peter Bichsel; no nº 6, maio de 1989, pp. 45-47, Laureano Araujo Cardalda, “A viaxe a Oletzko” de Siegfried Lenz; no nº 8, 1989, pp. 19-23, Laureano Araujo Cardalda, “Primeira conclusión perante a lei” de F. Kafka; no nº 9, 1989, pp. 9-15, Laureano Araujo Cardalda, “O elixido” de *Der Tod in Venedig* de Thomas Mann; no nº 11, abril de 1992, p. 20, un poema de Bertold Brecht, traducido dende o castelán e sen asinar, cun primeiro verso que di: (*Non vos deixedes seducir*); no nº 15, maio de 1994, pp. 20-21, un poema de Franck Meyer traducido por el mesmo do alemán ó galego; e no 16, xaneiro de 1995, pp. 9-11, sae outro poema do alemán ó galego, “Pero parece que si”, tamén de Franck Meyer.

⁷² Ambas en Vigo: Galaxia / Madrid: Ediciones SM, 1987. Anteriormente Rosa M^a. López Gato e Xosé Luís Regueira Fernández traduciran ó galego o artigo inédito de Esser, Ursula, “O galego, lingua en elaboración”, *Grial* 93, 1986, pp. 334-343.

nia⁷³ de Otfried Preussler. Lois Tobío, en 1987, ofréceno-lo texto teatral de Bertolt Brecht, *Nai coraxe e máis os seus fillos*⁷⁴ e a Comunidade Económica Europea aproba a Resolución do Consello e dos Ministros de Cultura de 9 de novembro de 1987 sobre o fomento da traducción de obras importantes da cultura europea. (87 / C 309 / 03).

O *Cuarteto*⁷⁵ de Heiner Müller, traducido por Manuel Lourenzo sobe a escena con Teatro do Atlántico en 1988, ano no que comezan a ensinar alemán a Escola Oficial de Idiomas de Ourense e a de Pontevedra creadas en 1987. Dese mesmo autor, Heiner Müller, represéntase *Hamletmaschine*⁷⁶ o 1 de novembro de 1989 no Teatro Principal de Santiago de Compostela polo grupo Matarile Teatro. *Liberdade bremana* de R. W. Fassbinder, estreada e publicada polo Teatro do Atlántico é unha traducción dende o alemán de M. Lourenzo dese mesmo ano.

Os novos demandan libros e pouco a pouco vai agromando unha literatura para nenos e nenas de diferentes idades. As editoriais de Galicia e de fóra que editan en galego importan textos para procurar satisfacer esa sede dos rapaces e das rapazas⁷⁷. Moitas destas obras son traduccions directas de escritoras e escritores alemáns como Isolde Heyne, *Cita en Berlín*⁷⁸; Ursula Wölfel, *Zapatos de lume e sandalias de vento*⁷⁹ anoados por Rosario Álvarez e Xosé Xove; Peter Härtling, *Esta era Hirbel*⁸⁰, traduccions de X. M. García e Elisabeth Shaible; Chr. Nöstlinger, *Querida Susi, querido Paul*⁸¹ tamén de X. M. García; Achim Bröger, *A avoa e mais eu*⁸² e Uwe Timm, *O cocho de carreiras Rudi Fuciños*⁸³ ambos traducidos por Amelia Rodríguez Sanmartín; W. Wippersberg, *A bruxa de Xulia*⁸⁴. Traducción indirecta é a de *Puntiño e Antón*⁸⁵ de Erich Kästner.

⁷³ Madrid: Ediciones SM, 1987. Serie laranxa de O barco de vapor, 3.

⁷⁴ Sada: Edicións do Castro, 1987.

⁷⁵ Publicado no caderno do espectáculo leva incorporacións dramaturxicas de Anxo A. Rei Ballesteros que non están na traducción orixinal.

⁷⁶ A traducción do alemán ó castelán fixoa Antonio Fernández Lera e do castelán ó galego Santiago Vidal.

⁷⁷ Este inventario non analiza, nin valora, as traduccions do alemán ó galego. Pende por investigar, xa que logo, as orixes e as consecuencias destas e outras importacións en Galicia. Algunhas consideracións tocante a isto poden verse en S. Cruces, 1993, pp. 59-65; en M^a P. Bertólez Cue, 1997 e P. Vilaboi, 1997. Para a súa presenza no mundo infantil galego cfr. a tese de doutoramento de Blanca Ana Roig Rechou, 1996, cunha lista da produción infantil dende o seu inicio deica 1994, este incompleto. Vid. amais, coordinado pola mesma autora, “Bibliografía comentada sobre a literatura infantil e xuvenil en galego en 1994” en *Adaxe* 12, 1996, pp. 151-171.

⁷⁸ Madrid: Ediciones SM, 1989. Gran angular, 3. Traducción de Xosé Reimúndez Fernández.

⁷⁹ Vigo: Galaxia, 1989.

⁸⁰ Vigo: Galaxia, 1989.

⁸¹ Madrid: Ediciones SM, 1989. Serie azul de O barco de vapor, 9.

⁸² Vigo: Galaxia, 1989. Árbore, 16.

⁸³ Vigo: Galaxia, 1989. Árbore, 18.

⁸⁴ Vigo: Galaxia, 1989. Árbore, 20.

⁸⁵ Madrid: Alfaguara, 1989. Traducción de M^a Carme Ares Vázquez.

O 24 de abril de 1990 estreábase *A Creación*⁸⁶ de Haydn no Auditorio de Galicia co seu texto en alemán e en galego. Os sete números da colección “Fago Cousas” de Sabine Lohf⁸⁷ foron traducidos por Xosé Reimúndez Fernández; L. Willems, *Ás veces son un xaguar*⁸⁸ por X. M. García e E. Schaible; *O infernalcohololeosatanarqueolóxico ponche dos desexos*⁸⁹, de Michael Ende, é tradución do alemán de Ramón Lorenzo e Ursula Heinze, aínda que tamén se dan traducións indirectas como *Tranquila tragaleguas: a tartaruga teimuda*⁹⁰ de Michael Ende. O mundo do ensino segue ós poucos pedindo as súas lecturas e así temos escollas de Kant, de Nietzsche e de Marx⁹¹ mentres os máis pequenos e as máis pequenas len de Mira Lobe, *A avoiña da maceira*⁹²; de Christine Nöstlinger, *Querida avoa ... a túa Susi*; e de Otfried Preussler, *A parva de Agostiña*⁹³. Os rapaciños e as rapaciñas poden ler, dende 1991, a Ursula Wölfel, *O xaxileo azul*⁹⁴; a Walter Wippersberg, *Max, ave de mal agoiro*; a Hanna Johansen, *O parrulo e o moucho* e *O parruliño que sempre chegaba tarde*, a Achim Bröger, *Mamá vou esperar a papá*⁹⁵; a Frederik Hetman, *As aventuras de Billy-Joe*⁹⁶. *Félix, Félix*⁹⁷ de Hanna Johansen e *Polgariño*⁹⁸ dos Grimm enriquecen o mapa literario do galego. *A metamorfose seguido de A sentenza*⁹⁹ de F. Kafka xorde en 1991 igual que *A historia de Ana*¹⁰⁰ de Urs

⁸⁶ O concerto repetiuse o 25 de abril no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e o 26 de abril de 1990 no Centro Cultural Caixa Vigo. No libreto reproducécese o texto en alemán e en galego traducido por Joam Trillo, aínda que non consta o seu nome.

⁸⁷ Vigo: Galaxia, 1990.

⁸⁸ Madrid: Ediciones SM, 1990. Gran angular, 11.

⁸⁹ Madrid: Ediciones SM, 1990. Gran angular, 8. Hai outra edición de 1994. Serie vermella de O barco de vapor, 22.

⁹⁰ Madrid: Alfaguara, 1990. Tradución de Luísa Blanco Rodríguez dende a versión ó catalán, *Tranquila trampeltreu*.

⁹¹ Biblioteca de filosofía. *Textos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990. Os textos de Kant e de Nietzsche foron traducidos por X. M. García Álvarez e Elisabeth Schaible o de Marx por Xoán Currais Porrúa.

⁹² Barcelona: Juventud, 1990. Tradución de Xulián Maure Rivas, que estudiara tres cursos de alemán en Salamanca.

⁹³ Publicadas en Vigo: Ediciones SM, 1990. Serie azul de O barco de vapor, 5 e Serie branca de O barco de vapor, 5, respectivamente; traducidas por X. Maure Rivas.

⁹⁴ Madrid: Ediciones SM, 1991. Serie branca de O barco de vapor, 8. Tradución de Rosa María López Gato.

⁹⁵ Editadas as tres en Vigo: Galaxia, 1991.

⁹⁶ Publicadas todas en Vigo: Galaxia, 1991 e traducidas por Xosé Reimúndez Fernández.

⁹⁷ Vigo: Galaxia, 1991. Árbore, 26. Tradución de María de la O Fernández Estévez.

⁹⁸ Vigo: Galaxia, 1991. Árbore, 40. Versión galega dende o castelán de Xabier Senín Fernández.

⁹⁹ Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 1991. Tradución de Xosé Manuel García Álvarez.

¹⁰⁰ Madrid: Ediciones SM, 1991. Gran angular, 12. Tradución de Xosé Manuel García Álvarez e de Elisabeth Schaible.

Fiechtner, *O apache branco*¹⁰¹ de Thomas Jeier e *O cabalo de ouro*¹⁰² de Federica de Cesco, ano en que aparece a segunda entrega de *Os contos de Grimm. Escolma II*¹⁰³. No teatro ese ano escenificase *A resistible ascensión de Artur Ui*¹⁰⁴ de Bertolt Brecht polo grupo Eis da facultade de filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e tocante á música podíamos escoitar en galego dúas óperas de W. A. Mozart, *Bastián e Bastiana* e *O empresario*¹⁰⁵ e un oratorio, *A Paixón segundo San Mateo*¹⁰⁶ de J. S. Bach. Os días 28 e 29 de febreiro de 1992 interprétase, falada e cantada en galego, a ópera de Carl M^a. von Weber, *Abu Hassan*¹⁰⁷ na inauguración do Teatro Principal de Ourense. Nese ano sae de Uwe Timm, *O merlo pirata*¹⁰⁸, *O pai dun asasino*¹⁰⁹ de Alfred Andersch, *A moeda de cinco marcos*¹¹⁰ de Klaus Kordon, *Seis ensaios sobre o Camiño de Santiago*¹¹¹ e créase en Vigo no curso 1992-93 a licenciatura de Traducción e Interpretación na facultade de Humanidades da Universidade de Vigo.

Hai outra obra traducida inédita de B. Brecht, *A muller xudía*, vertida por Manuel Lourenzo que non chegou a ser representada. No catálogo da exposición *A escultura española do século XX. Pequeno formato*¹¹² inclúense traducións indirectas. De 1993 tamén é a adaptación de *Leoncio e Helena*¹¹³ de George Büchner e na música intérpre-

¹⁰¹ Madrid: Ediciones SM, 1991. Gran angular, 13. Traducción de Xosé Reimúndez Fernández.

¹⁰² Madrid: Ediciones SM, 1991. Gran angular 19. Traducción de Alexandre Pérez Rodríguez e Ricardo Fernández Sabín.

¹⁰³ A Coruña. Edicións do Castro, 1991. Versión galega de Eubensei (Manuel Beiras García). Ó cabo de cada conto vén o seu título en alemán.

¹⁰⁴ Estreouse o 31 de xaneiro de 1991 no Teatro Principal de Santiago de Compostela. A dirección foi de Fernando Dacosta e a traducción, dende o castelán, dos propios actores da obra.

¹⁰⁵ Ambas representadas o 11 de febreiro de 1991, no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, o 13 e 14 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e o 17 de marzo no Teatro da Beneficencia de Santa Marta de Ortigueira. Na primeira parte interpretábase *Bastián e Bastiana*, traducida e adaptada do alemán por Joam Trillo; esta no programa, por erro, apónsellase a J. Martinho Montero Santalla que é o traductor só de *O empresario*, interpretada na segunda parte do concerto. Nestas dúas óperas homes e mulleres falaban e cantaban en galego.

¹⁰⁶ Escenificada o 26 de abril de 1991 no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela. Unha programación por orde cronolóxica de tódalas actuacións presentadas aparece en *Auditorio de Galicia. Un lustro de cultura 1989-1994*, 1994, pp. 188-213.

¹⁰⁷ Representouse de novo o 7 de marzo de 1992 no Teatro García Barbón de Vigo. A traducción e adaptación é de Joám Trillo e nela os e as protagonistas falaban e cantaban en galego.

¹⁰⁸ Vigo: Galaxia, 1992. Árbore, 64. Traducción de Alberto Álvarez Lugrís.

¹⁰⁹ Vigo: Galaxia, 1992. Árbore, 54. Traducción de María de la O Fernández Estévez.

¹¹⁰. Madrid: Ediciones SM, 1992. Serie azul de O barco de vapor, 9. Traducción de Rafael Chacón.

¹¹¹ Vigo: Galaxia, 1992. Ensaio e investigación, 16. Traducción de Xosé Reimúndez Fernández.

¹¹² Santiago de Compostela: Auditorio de Galicia, 1993. O catálogo inclúe dous textos traducidos ó galego dende o castelán por Mariluz González Domínguez e que foran previamente traducidos por Ursula Koene-grachts dende o alemán: “¿Que é a pequena escultura moderna? Un pequeno resumo” de Thomas Knubben e “A pequena escultura internacional. Unha visión do mundo e da arte universal” de Christoph Brockhaus.

¹¹³ Adaptación dende o castelán de Begoña Muñoz Saa. Vid. *Leoncio e Helena*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993, colección Centro Dramático Galego, 5.

tanse no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela as óperas *A fruta máxica*¹¹⁴ e *O rapto no serrallo*¹¹⁵ de Mozart e le-las súas versións en galego dende o castelán nos libretos. En libro entregouse a traducción e adaptación do texto de Michael Haller, *Tratado de contraponto e de composición contrapontística*¹¹⁶. Para os nenos e as nenas tradúcese *Os tolos de Vilasimpona*¹¹⁷ de Otfried Preussler, *Tintof, o monstro de tinta*¹¹⁸ de Ursel Scheffler, *O segredo do mestre Xoaquín*¹¹⁹ de Sigrid Heuck, *Moon Jonas*¹²⁰ de Nicole Meister, *O xastriño valente* dos Grimm e outra vez *O frautista de Hamelín* de K. G. Nievitz¹²¹.

Para o ensino sae o volume de *Historia da filosofía. F. Nietzsche, K. Marx, H. Marcuse*¹²² con escritos alemáns traducidos dende o castelán e na música interprétase *A Pai-xón segundo San Xoán*¹²³ de J. S. Bach. O segundo número da revista *Anuario de estudos galegos 1993*¹²⁴ incorporará ó seu compendio bibliográfico anual unha lista coas traducións de obras literarias ó galego. A enxerta en Galicia de fillos e fillas de galegos e galegas emigrantes que se educaron e estudaron en países de fala alemana tamén comeza a rebentar e tráennos á nosa lingua as *Opiniós dun pallaso*¹²⁵ de Heinrich Böll, *A morte en Venecia*¹²⁶ de Thomas Mann e *A lenda do santo bebedor*¹²⁷ de Joseph Roth.

¹¹⁴ A ópera interpretouse o 18 de maio de 1993 e o folleto contén o texto en alemán, galego e castelán. Non consta o nome do traductor ou traductora dende o alemán nin o/a do castelán ó galego.

¹¹⁵ A estrea foi o 20 de maio de 1993.

¹¹⁶ Ourense: AGAL, 1993. Traducción e adaptación de Joam Trillo.

¹¹⁷ Madrid: Ediciones SM, 1993. Serie laranxa de O barco de vapor, 18. Traducción de Xosé Reimúndez Fernández.

¹¹⁸ Madrid: Ediciones SM, 1993. Serie azul de O barco de vapor, 10. Traducción de Vicente Rodríguez.

¹¹⁹ Madrid: Ediciones SM, 1993. Gran angular, 24. Traducción de Xacinto Losada.

¹²⁰ Madrid: Ediciones SM, 1993. Gran angular, 25. Traducción de Xosé María Babarro e Xosé Grande.

¹²¹ Ambas editadas en Santiago de Compostela: Edicións Sálvora, 1994. Traducción do castelán e adaptación de Ramón Álvarez Losada.

¹²² A Coruña: Bahía edicións, 1994. Trátase dos capítulos titulados “F. Nietzsche” de Mercedes Expósito García e Inés Fernández Buján, pp.7-125 e “Karl Marx” de Francisco J. Martínez Martínez, pp. 127-210.

¹²³ A estrea foi o 24 de marzo de 1994 no Auditorio de Galicia e o folleto inclúe o texto en alemán, a súa traducción ó castelán e dende este a súa versión en galego.

¹²⁴ Vigo: Galaxia, 1994, pp. 296-297. O primeiro número de *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1992*, publicouse en 1993.

¹²⁵ A Coruña: Tambre, 1994. Presentación, traducción e notas de Laureano Araujo Cardalda.

¹²⁶ A Coruña: Tambre, 1995. Presentación, traducción e notas de Laureano Araujo Cardalda.

¹²⁷ Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 1995, colección Medusa Narrativa. Traducción de Laureano Araujo Cardalda.

Dentro do mundo infantil hai que citar *Espinacas sobre rodas*¹²⁸ de Renate Welsh, *A brava Sofía*¹²⁹ de Lukas Hartmann e *Hansel e Gretel*¹³⁰ dos Grimm.

A primeira licenciatura en filoloxía xermánica da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela gradúase en 1994 e un estudante de alemán primeiro en Madrid que logo se licencia coa segunda en 1995 ofréceno-las *Elexías de Duino*¹³¹ de Rainer Maria Rilke. Nese mesmo ano aparece o primeiro número da publicación anual *Viceversa. Revista galega de traducción*¹³². Dende o outono de 1994 no xornal *O Correo Galego* sae unha sección titulada “Poetas” na que se inclúen autores de fóra traducidos ó galego por Ursula Heinze. Moitos deles son de fala alemana e aparecen recollidos no libro *Versos de terras distantes*¹³³. Esta sección diaria aínda continúa a se enriquecer cada día e a nos dar novos textos poéticos. Aparece un novo título de Michael Ende *O longo camiño a Santa Cruz*¹³⁴ e os catálogos das exposicións *Imaxes e visións. Arte mexicana, entre a vangarda e a actualidade*¹³⁵ e *Signos e milagres. Niko Pirosmani (1862-1918) e a arte contemporánea*¹³⁶ organizadas polo Centro Galego de Arte Contemporánea en 1995, incluían textos traducidos do alemán. Na música volven outravolta *A Paixón segundo San Xoán*¹³⁷ de J. S. Bach e *A Creación*¹³⁸ de J. Haydn.

¹²⁸ Vigo: Galaxia, 1995. Árbore, 81. Traducción de Xosé Reimúndez Fernández.

¹²⁹ Vigo: Galaxia, 1995. Árbore, 83. Traducción de Serafin Villanueva Bembibre.

¹³⁰ Santiago de Compostela: Edicións Sálvora, 1995. Traducción e adaptación do castelán de Ramón Álvarez Losada.

¹³¹ A Coruña: Edicións Espiral Maior, 1995. A Illa Verde, 14. Edición bilingüe. Traducción de Jaime Santoro.

¹³² Vigo, 1995. No seu primeiro número non inclúe ningún texto traducido do alemán, pero ofrece un inventario das obras traducidas e publicadas en Galicia durante todo o ano 1993 e parte do 1994 de calquera lingua ó galego, directa ou indirectamente. No anexo recompila as *Actas do 1º Simposio Galego de Traducción* celebrado en Vigo do 30 de setembro ó 2 de outubro de 1993.

¹³³ Santiago de Compostela: Compostela, colección Afa 1. Selección e traducción de Ursula Heinze de Lorenzo. O volume, non venal, editouse canda o número 500 do xornal *O Correo Galego* en 1995. Así mesmo en *Dorna* 21, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1995, dános unha introdución, selección e traducción de textos de Christian Saalberg, pp. 111-122.

¹³⁴ A Coruña: Everest Galicia, 1995. Colección Rañaceos. Traducción de Basilio Losada.

¹³⁵ Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995. Traducción do alemán ó galego de Michaela Andrea Kuchenreuther. Esta traductora, xunto con Manuel Luís Stiller, traduciu “Schibboleth, Salmo e outros poemas” de Paul Celan, en *A Trabe de Ouro* 28, outubro, novembro, decembro de 1996, pp. 573-580. Na mesma revista publícase “Rose Ausländer: o exilio da verba” de Dolors Sabaté Planes, traducción de Manuel Outeiriño, con poemas traducidos do alemán ó galego coa axuda do ourensán, natural de Rabodegalo, Manuel Luís Stiller, pp. 567-572.

¹³⁶ Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995. Deste catálogo unicamente o artigo de Bice Curiger, “Songs of Innocence and Experience”, foi traducido do alemán ó galego, aínda que non consta o nome do traductor ou traductora.

¹³⁷ A interpretación foi o 21 de marzo de 1996 no Auditorio de Galicia. O folleto inclúe o texto en alemán, a súa traducción ó castelán e ó galego, esta feita dende o castelán.

¹³⁸ O acto musical foi o 24 de maio de 1996 no Auditorio de Galicia. O libreto con texto en alemán foi traducido ó castelán por José López Calo e dende o castelán ó galego por Mariluz González Domínguez, aínda que o seu nome non consta.

Nos catálogos da exposición *O espírito da América prehistórica. 3.000 anos de cultura*¹³⁹ e de *Arnulf Rainer. Campus Stellae*¹⁴⁰ hai artigos en alemán traducidos ó galego. No teatro represéntase *Terror e miseria da Nación Poderosa*¹⁴¹ de Bertolt Brecht e na narrativa contamos cunha escolla dos *Contos de Hoffmann*¹⁴² feita ó dereito dende o alemán ó galego mentres permanecen inéditos os *Diálogos suízos*¹⁴³ de Urs Widmer. No ensino o volume de *Historia da filosofía*, editado en outubro de 1996, ten un capítulo dedicado a I. Kant¹⁴⁴ con textos alemáns traducidos dende o castelán. Finalmente, neste ano, publícase o anuario *Informe de literatura 1995*¹⁴⁵ que contén un rexistro das traducións e versións feitas de calquera lingua ó galego. Remata aquí a nosa pesquisa de obras traducidas ou versionadas en libro ou para a escena que abranguíamos dende 1896 ata o ano 1996, ambos incluídos¹⁴⁶. Sabemos que aínda permanecen inéditas, *O pai*, de Heiner Müller tradución de Manuel Lourenzo para o grupo UVEGA que non se representou por non haber subvención e *Poesía Completa* de Günter Grass traducida por Ursula Heinze e que están no prelo *Fausto*¹⁴⁷ de J. W. Goethe, *Cartas a un poeta novo* de Rainer Maria Rilke, o conto *A condena* de F. Kafka¹⁴⁸; *Conversas con Kafka* de Gustav Janouch¹⁴⁹; as *Notas marxinais ó cancionero portugués antigo*¹⁵⁰ de Carolina Michäelis de Vasconcelos; a adaptación de Erich Kästner de *As maravillosas viaxes e aventuras por terra e por mar do Barón Münchhausen*¹⁵¹; *A confusión do interno Törless*¹⁵² de

¹³⁹ Santiago de Compostela: Auditorio de Galicia, 1996. Só un texto deste catálogo foi traducido por alguén dende o alemán ó castelán e dende este ó galego por Mariluz González Domínguez, o de Ferdinand Anton, “A área andina meridional na época preincaica”.

¹⁴⁰ Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996. Neste catálogo tódolos artigos foron traducidos do alemán ó galego por Diana Fraíz Lorenzo, agás un, o de Antonio Saura.

¹⁴¹ Estreada o 18 de abril de 1996 no auditorio Gustavo Freire de Lugo pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense da Universidade de Vigo. A dirección e tradución dende o castelán foi de Fernando Dacosta.

¹⁴² Lugo: TrisTram. Selección, tradución e prólogo: Marta Ares Fontela e María Xesús Lama López.

¹⁴³ Traducidos directamente dende o alemán ó galego por Isabel Blanco Picallo.

¹⁴⁴ A Coruña: Bahía edicións, 1996, pp. 517-655. Trátase do capítulo titulado “Immanuel Kant” de Alfonso C. Santos Sedano.

¹⁴⁵ Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - C. I. L. L. Ramón Piñeiro, 1996.

¹⁴⁶ Un complemento a este relatorio é a relación dos textos en lingua galega traducidos ou versionados ó alemán, directa ou indirectamente, de F. Meyer, 1996, pp. 15-18 e a de M. A. Seixas Seoane, 1999, pp. 1167-1181. Cfr. G. Hoffmeister, 1980, para unha panorámica dos intercambios literarios entre os países de fala alemana e os de fala hispana.

¹⁴⁷ Santiago de Compostela: Edicións Laidvento, 1997. Tradución en verso de Lois Tobío.

¹⁴⁸ Traducido dende o alemán ó galego por Silvia Montero Küpper sairá nunha colección de relatos que publicará a editorial Ir Indo.

¹⁴⁹ Santiago de Compostela: Edicións Laidvento, 1997. Tradución de Xoán Fuentes Castro.

¹⁵⁰ Vigo: Galaxia, 1997. Tradución de Xosé Manuel García Álvarez coa colaboración de Elisabeth Schaible.

¹⁵¹ Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1997. Tradución de Carme Barreiro García.

¹⁵² Vigo: Ir Indo, 1997. Tradución de Rocío Montero Fornos.

Robert Musil e máis *O parable ascenso de Arturo Ui*¹⁵³ de Bertolt Brecht; libros que xunto cos que han de vir nos vindeiros anos seguirán a amplia-la xeografía literaria da lingua de Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

- Almazán, Vicente, “El viaje a Galicia del caballero Arnaldo von Harff en 1498”, *Compostellum*, 33. *Sección de Estudios Jacobeos* 3-4, 1988, pp. 363-384.
- Auditorio de Galicia. Un lustro de cultura 1989-1994*, Santiago de Compostela: Auditorio de Galicia, 1994.
- Barreiro Barreiro, Xosé Luís, *Indalecio Armesto: Filósofo, Republicano, Masón*, Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións, 1991.
- Bertólez Cue, María Paz, “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: de 1979 á actualidade”, *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos* (Universidade de Oxford. 26-28 de setembro de 1994), Oxford: Oxford Centre for Galician Studies, 1997, pp. 355-364.
- Buján, Carlos, “Lembranza de Goethe e de Otero Pedrayo”, *Dorna. Expresión Poética Galega* 4, Santiago de Compostela, 1982, pp. 42-45.
- Cal, Rosa, *A mi no me doblega nadie. Aurora Rodríguez: su vida y su obra (Hildegart)*, Sada: edicións do Castro, 1991. Documentos pra a historia contemporánea de Galiza, 85.
- Capelán Rey, Antón, *Contra a Casa da Troia (e II)*, Santiago de Compostela: Edicións Laivento, 1996.
- Carballo Calero, Ricardo, “Sobre *Terra brava*”, *Libros e autores galegos. Século XX*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1982.
- Caucci von Saucken, Paolo, “La literatura odepórica compostelana”, *El Camino de Santiago*, S. Moralejo Álvarez (coord.), Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, s. d., pp. 43-59.
- Compendio de Lexislación sobre a Lingua Galega nas Administracións Local e de Xustiza*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993.
- Costa Rico, Antón, *A reforma da educación (1906 - 1936) X. V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia*. Sada: Edicións do Castro, 1996. Documentos para a historia contemporánea de Galiza, 123.
- Couceiro Freijomil, Antonio, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1951-1953.
- Cruces, Susana, “A posición da literatura traducida no sistema literario galego”, *Boletín Galego de Literatura* 10, 1993, pp. 59-65.
- Díaz Díaz, Gonzalo, “Luis André, Eloy Anselmo”, *Hombres y documentos de la filosofía española, Madrid*, C. S. I. C., vol. 4 (H- LL), 1991.
- Diccionario histórico das ciencias e das técnicas de Galicia. Autores 1868-1936*, Sada: Edicións do Castro, 1993.
- Fariña Casaldamos, María do Carme, *O Instituto “Arcebispo Xelmírez” de Santiago de Compostela: Historia documental (1845-1857)*, Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1996. Fonseca: Textos Históricos; 4.
- Fernández de la Vega, “Los de ‘Ronsel’”, *Ronsel. Número conmemorativo del cincuentenario de su publicación 1924-1974*, 15 de xaneiro de 1975.
- Ferrer, Anacleto, “Bemerkungen bezüglich der Rezeption Hölderlins in Spanien”, *Hölderlin Jahrbuch* 29, Stuttgart-Weimar, 1994-1995, pp. 103-111.

¹⁵³ Santiago de Compostela, 1997. Traducción de Sonsoles Cerviño López.

- Figuroa Lalinde, M^a Luz, *La Guerra de la Independencia en Galicia*, Vigo: Asesores y Editores Leo, 1993.
- Fuente, Manuel de la, "De la Casa Alemana al Colegio Alemán", *Faro de Vigo*, 11 de xuño de 1991.
- García Negro, Pilar, *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, Pontevedra: Edicións do Cumio, 1991.
- Garrido, Gustavo Adolfo, *Aventureiros e curiosos. Relatos de viaxeiros e estranxeiros por Galicia. Séculos XV-XX*, Vigo: Galaxia, 1994. Galicia no espello.
- González Gómez, Xesús, *Álvaro Cunqueiro traductor*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1990.
- González Gómez, Xesús, *Flor de diversos. Escolma de poetas traducidos*, Vigo: Galaxia, 1991.
- González López, Emilio, *Un gran solitario: don Ramón de la Sagra. Naturalista, Historiador, Sociólogo y Economista*, A Coruña: Caixa Galicia, 1983.
- Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón, 1974.
- Hackl, Erich, *Auroras Anlaß*, Zürich: Diogenes Verlag A. G., 1987.
- Herbers, Klaus, "Peregrinos, escritores e outros difusores do culto xacobeo en Alemaña", *Santiago, Camiño de Europa. Culto e cultura na peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993, pp. 121-139. Hai edición en castelán.
- Herbers, Klaus, "La imagen de Galicia y de Compostela en los relatos de peregrinos de los siglos XV y XVI", *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos* (Universidade de Tréveris, do 8 ó 11 de outubro de 1997), Trier: Galicien-Zentrum der Universität Trier, 1999, pp. 205-213.
- Hoffmeister, Gerhart, *España y Alemania. Historia y documentación de sus relaciones literarias*, Madrid: Gredos, 1980.
- Kabatek, Johannes, "Hölderlin en galego", *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos* (Universidade de Tréveris, do 8 ó 11 de outubro de 1997), Trier: Galicien-Zentrum der Universität Trier, 1999.
- Lama, María Xesús, "Alemaña e Mittleleuropa", *Congreso Vicente Risco*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995. Difusión cultural, 4.
- La Universidad de Santiago*, Santiago de Compostela: Publicaciones de la Universidad, 1980.
- Liber sancti Jacobi "Codex Calixtinus"*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992. Edición facsímil da realizada en 1951 polo C. S. I. C. e o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- Llovet, Jordi (ed.), *Lecciones de Literatura Universal. Siglos XII a XX*, Madrid, Barcelona, Girona: editorial Cátedra, 1995.
- López Vázquez, Ramón, *A filosofía krausista en Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - C. I. L. L. Ramón Piñeiro, 1994.
- López Vázquez, Ramón, *O pensamento rexeneracionista de Eloy Luis André (Do europeísmo ó galeguismo)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - C. I. L. L. Ramón Piñeiro, 1996.
- Lourenzo, Manuel e Pillado, Francisco, *Dicionário do teatro galego (1671-1985)*, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1987.
- Marco, Aurora, *As Precursoras. Achegas para o estudo da escrita feminina (Galiza 1800-1936)*, A Coruña: La Voz de Galicia, 1993. Colección Biblioteca Gallega.
- Mayobre, Purificación, *O krausismo en Galicia e Portugal*, Sada: Edicións do Castro, 1994.
- Meyer, Franck, "Os alemáns vistos por Risco, visto por un alemán. Exemplo dun contacto intelectual", *Congreso Vicente Risco*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995. Difusión cultural, 4, pp. 283-300.
- Meyer, Franck, "Cervexa, salchichas, ideas pesadas. A imaxe de Alemaña en Camba, Risco e Tobío", *Grial* 131, 1996, pp. 331-350.
- Meyer, Franck, "(Über) Galicische Literatur in deutscher Übersetzung. Eine kommentierte Bibliographie", *Galicien Magazin* 2, 1996, pp. 15-18.
- Meyer, Franck, "O papel das traducións no caso Galicia-Alemaña na actualidade", *Grial* 137, 1998, pp. 99-107.

- Noia Campos, M^a, “Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea”, *Viceversa. Revista Galega de Traducción* 1, 1995, pp. 13-62.
- O libro galego, onte e hoxe*. Catálogo da exposición bibliográfica. Santiago de Compostela, maio-xuño 1979. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1981.
- O libro galego, onte e hoxe 1988*. Catálogo da exposición bibliográfica. Santiago de Compostela, maio, 1988. Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia, 1989.
- O libro galego, onte e hoxe 1993*. Catálogo da exposición bibliográfica. Santiago de Compostela, xaneiro 1995. Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia, 1994.
- O mundo editorial galego. Revisión dunha década 1978-1988*, Santiago de Compostela-Vigo: Concello de Santiago de Compostela / Concello de Vigo, 1990.
- Pageard, Robert, *Goethe en España*, Madrid: C. S. I. C., 1958.
- Pensado Tomé, José Luis, “Aspectos lingüísticos de la Compostela medieval”, *Vox Romanica*, vol. 19, fasc. 2, 1961, pp. 319-340.
- Polo, Carlos, *Galicia, en sus hombres de hoy*, s. l., 1971.
- Regueira Fernández, Xosé Luís, “A contribución alemana á lingüística galega”, en M. Brea / F. Fernández Rei (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1991, II, pp. 155-178.
- Roig Rechou, Blanca Ana, *A literatura galega infantil*, microforma, Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1996.
- Roig Rechou, Blanca Ana (coord.), “Bibliografía comentada sobre a literatura infantil e xuvenil en galego en 1994”, *Adaxe: revista da Escola Universitaria de Santiago* 12, 1996, pp. 151-171.
- Santoro de Membiela, Jaime, “Presencia de Rilke en Galicia”, *Grial* 137, 1998, pp. 57-71.
- Seixas Seoane, Miguel Anxo, “Galicia nas linguas do mundo: inventario de textos en galego e de Galicia traducidos ó alemán”, *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos* (Universidade de Tréveris, do 8 ó 11 de outubro de 1997), Trier: Galicien-Zentrum der Universität Trier, 1999, pp. 1167-1181.
- Varela, José Luis, “Sociedade e cultura xermanas en Risco”, *Congreso Vicente Risco*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995. Difusión cultural, 4, pp. 255-268.
- Vázquez de Parga, L.; Lacarra, J. M^a; Uría Riu, J., *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, Pamplona: Gobierno de Navarra, 1992. Edición facsímile da realizada en 1948 polo C.S.I.C. Incorpora “Apéndice. Bibliografía (1949-1992)”.
- Vilaboi, Pilar, “As diversas tendencias nas publicacións galegas no 1993”, *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos* (Universidade de Oxford. 26-28 de setembro de 1994), Oxford: Oxford Centre for Galician Studies, 1997, pp. 397-410.